

- ◆ Pre-história lingüística da Galiza
- ◆ Época medieval
- ◆ Os Séculos Obscuros
 - Textos para comentario

◆ PRE-HISTÓRIA LINGÜÍSTICA DA GALIZA

• Introducción

Antes da chegada do latín á Gallaecia, podemos supor que se falaban neste territorio un número indeterminado de linguas, máis ou menos emparentadas entre si, que se caracterizaban por seren vehículo de comunicación de pequenas comunidades humanas de cultura castrexa, a maioría delas grupos tribais pouco interrelacionados. A funcionalidade destas linguas tiña o seu teito na función local, pois até aí chegaban as necesidades lingüísticas das sociedades que as utilizaban. Por outro lado, estas linguas servían de canal de expresión a culturas moi modestas se as comparamos con aquela que ía chegar da man das hostes e dos colonos romanos.

A **romanización**, que neste territorio foi lenta e incompleta até a chegada do Cristianismo, trouxo consigo a transformación e posterior desaparición das culturas autóctones, encanto a **latinización** (un fenómeno máis do proceso romanizador), acabou con relativa e desigual rapidez coas linguas que as sustentaban.

Se temos en conta que até o ano 19 a.C. non acaba o proceso de sometimento e pacificación da Gallaecia (proceso previo á romanización), podemos supor que as linguas prerromanas deberon de seguir existindo



ainda dentro da nova era, sobretudo nas zonas máis afastadas dos centros de irradiación da nova civilización.

Leve-se en conta a este respecto as palabras do latinista francés Antoine Meillet (1936), referidas ao fenómeno lingüístico producido na Gália á chegada do latín: "Se na Gália por exemplo, as clases dirixentes, os habitantes das vilas non falarían máis que latín no século IV, parece lóxico que o galo non desaparecera en todos os lugares do campo.(...) O feito de que os elementos dirixentes da nación gala, recoñecendo a superioridade da civilización romana e desexando gardar a súa situación dominante, adquirisen rapidamente o coñecemento do latín, non impediu subsistir aos galo-falantes ao lado do latín nas rexións rurais, sen dúbida durante bastantes séculos. Disto resultou que durante estes séculos moitas persoas practicaron á vez o latín e o galo. Deste xeito, durante longo tempo houbo individuos bilingües no antigo dominio galo pois, dunha parte, os elementos dirixentes deberon gardar algúns coñecementos do galo para se facer entender polas persoas que ficaron fieis ao vello uso, e, inversamente, moitas persoas do pobo deberon adquirir rapidamente algúns coñecementos do latín xunto aos elementos dirixentes".

• Fases da loita lingüística entre o latín e as linguas prerromanas

Segundo o lingüista portugués Serafim da Silva Neto (1957), o enfrentamento entre as linguas e culturas nativas por un lado, e a lingua e cultura romanas por outro, consta de tres fases:

1. Na primeira fase, a **de expectativa**, as dúas culturas manteñen-se fronte a fronte, establecendo-se no plano lingüístico unha situación de **colingüismo**. Esta fase comezará en momentos diferentes, dependendo do habitat humano no que se produza o contacto: antes nos núcleos de maior poboación (nos que se asentan preferentemente os romanos), e máis tarde nos menos numerosos, encravados no que poderíamos denominar meio rural.

2. Na segunda fase, a **de marxinalidade**, os nativos comezan a participar das dúas culturas, xeneralizando-se pouco a pouco un **bilingüismo de carácter diglósico** no que o latín é a lingua empregada nos contextos elevados (e fundamentalmente nos núcleos urbanos romanizados) e as falas autóctones nos usos menos formais (consecuentemente nos ámbitos tribais, ligados en xeral aos modos de vida tradicionais).

3. Por último, na fase **de vitoria da cultura e da lingua romanas**, a comunidade nativa entrega-se por completo aos modos e costumes dos colonizadores. A lingua orixinaria perde falantes naturais en favor do latín, chegando mesmo a ceder usos dentro do reducido marco funcional que antes ocupaba. O latín é a lingua na que chegan as novidades e os avances, na que fala o colono, o militar, a lingua que usa o *magister* que educa aos fillos do xefe e dos principais da tribo,... En definitiva, o latín é a lingua do progreso, a do ascenso social, a que goza de maior prestíxio, a lingua que ademais, en comparación, desempeña un maior número de funcións (VEXA-SE O TEXTO 11).

• Do monolingüismo diglósico en latín á diglósia latín-galego

Despois da desaparición das linguas pre-latinas, a Gallaecia presenta unha situación de **monolingüismo en latín** que se manterá practicamente inalterado até o nacemento das linguas romances, feito este que se sitúa convencionalmente por volta do ano 800.

Teña-se en conta que as invasións xermánicas non supuxeron unha mudanza significativa na situación sociolingüística da Gallaecia. Estes povos, sempre inferiores numericamente aos invadidos, ou ben chegaban practicamente romanizados, ou ben se nativizaban nun rápido proceso de integración.

Pola súa parte, os Árabes, que apenas permanecerán no noso territorio, non alterarán en nada a situación sociolingüística anterior.

Socialmente, ese latín materializa-se en dúas variedades que se irán diferenciando cada vez máis: unha, a língua latina escrita, que se mantén fiel ao modelo dos clásicos e que é empregada nos contextos máis formais (mundo da relixión, da cultura, do ensino, da lexislación e dos documentos,...), e outra, a língua oral, suxeita ás variacións espácio-temporais e utilizada fundamentalmente nas situacións informais. Trátase, portanto, do fenómeno que no tema anterior denominamos **endodiglosía**.

Co paso do tempo, a variante oral do latín irá-se distanciando máis e máis da variante escrita, dando lugar a un sistema lingüístico tan diferenciado que por volta do ano 800 permitirá-nos falar xa dunha nova língua, unha língua neolatina que na Gallaecia occidental, agora xa a Galiza, poderemos chamar galego.

A Gallaecia romana designaba un territorio máis extenso que o que comprende a Galiza actual. Os seus límites orientais penetraban na meseta e polo sul chegaban máis alá do Miño, até o río Douro. Na franxa occidental deste amplo territorio (na actual Galiza e no norte de Portugal) é onde nace e se fala orixinariamente a língua galego-portuguesa.

O galego-portugués, continuación natural do latín oral, desempeñará socialmente o mesmo papel que o seu antecesor, isto é: ser a língua dos rexistos informais, unha língua falada mais non escrita. A endodiglosía da fase anterior converte-se agora en **exodiglosía** (ou **diglosía entre dúas linguas**), pois en vez de nos encontrarmos con dúas variedades da mesma língua topamos con dúas linguas diferentes, unha para os usos formais (latín) e outra para os non formais (galego-portugués) (**VEXA-SE O TEXTO 12**).




Fig. 5: Evolución dos usos orais e escritos do latín

◆ ÉPOCA MEDIEVAL

● Introducción

Esta diglosía, asentada fundamentalmente na diferenza entre usos orais e escritos, resultaba cada vez máis difícil de manter. Moi poucos, só aqueles que tiñan acceso á cultura, eran capaces de entender e de escribir un texto en latín, e aínda así a presión da lingua falada facía que os escribáns inzasen de palabras e estruturas galego-portuguesas os documentos que redixían.

Vai ser a finais do século XII e principios do XIII que o galego-portugués, da mesma maneira que o resto das linguas romances, comece a ser empregado nos usos formais como língua escrita. Son desta época os primeiros documentos notariais (a *Noticia de Torto* (1211) e o *Testamento de Afonso II de Portugal* (1214)) e os primeiros textos literarios (o máis antigo, a cantiga de Joám Soárez de Paiva (arredor do 1200)).

O galego, única língua oral dos galegos desde hai xa séculos, inicia nesta etapa a conquista dos ámbitos escritos, ocupados até agora polo latín.

● Primeiros usos escritos do galego-portugués

Os primeiros **documentos privados** que se escriben en galego-portugués (compras-vendas, foros, testamentos, querelas, doazóns...) aparecen xa na primeira metade do século XIII. Este uso lingüístico estende-se e xeneraliza-se, até converter-se no maioritario, no século XIV e na primeira metade do XV.

Neste mesmo período (século XIV e primeira parte do XV) xeneralízase tamén o uso da língua galego-portuguesa nos **documentos públicos** de institucións civís. Os **concellos** redactan en galego as súas actas, ordenanzas e mandamentos, e en galego redixen tamén os **grémios e confrarias** os seus regulamentos e libros de contas. Así mesmo, o mundo da xustiza suma-se ao uso do galego, segundo dan fe, entre outros, os diferentes fragmentos conservados das *Partidas de Afonso X*, do *Forum Iudicum* do *Fuero Real*, das *Flores de Dereito*, os máis vellos destes documentos datados no século XIII.

Pola súa parte, a principios do século XIV a **Igrexa** comeza a usar a língua galego-portuguesa nos seus documentos públicos, nas súas relacións cos concellos, grémios e confrarias, e na súa propia vida administrativa interna. Igrexas, catedrais, conventos e mosteiros utilizarán máis e máis o galego ao longo deste século XIV, apesar de que o latín mantén no ámbito relixioso un nivel de uso moi superior ao conservado nas outras esferas da realidade medieval.

Paralelamente ao incremento destes usos escritos, nace e desenvólvese unha **poesía lírica** en lingua galego-portuguesa, circunscrita socialmente ao mundo dos pazos, mais que supón (sobretudo nun dos seus xéneros, a cantiga de amigo) a reelaboración culta dunha poesía popular de carácter oral. O fenómeno das cantigas medievais galego-portuguesas traí consigo non só a instalación do galego-portugués como lingua literaria dos galegos senón tamén a súa elevación ao rango de lingua internacional da lírica. Na súa *Carta-Prohemio al Condestable de Portugal*, aínda no século XV, o Marqués de Santillana informa-nos de que "Non há mucho tiempo qualesquier decidores e trovadores destas partes, agora fuessen castellanos, andaluçes o de la Extremadura, todas sus obras componian en lengua gallega o portuguesa". Alén de galegos e portugueses, trobarán en galego-portugués castellanos, leoneses, aragoneses, e mesmo provençais e italianos. Esta funcionalidade literaria supranacional do galego-portugués prolongarase durante máis de cento cincuenta anos (século XIII e primeira metade do XIV), e aínda perdurará uns cen anos máis, cando coa desaparición da escola galego-portuguesa a tradición lingüística da poesía lírica se continue na escola galego-castellana (segunda metade do XIV e primeira do XV).

Segundo dentro do mundo da literatura, o galego-portugués comeza a ser utilizado tamén como lingua da **narrativa** a partir da segunda metade do século XIII. Conservamos na nosa lingua textos pertencentes aos ciclos novelescos da *Demanda do Santo Graal*, da destrución de Troia e da historia lendaria de Carlos Magno: os galegos comezan a ler na súa propia lingua as novelas en boga en toda Europa durante a Idade Média.

Contodo, a importancia e volume do uso da lingua galego-portuguesa na prosa é menor que no ámbito da poesía. Frente ao que acontece nas cortes castellana e portuguesa, onde se potencia a lingua vernácula para a elaboración de obras en prosa, na corte episcopal de Santiago e nos moitos e poderosos mosteiros galegos segue-se a considerar o latín escolástico como o vehículo de transmisión cultural por excelencia, contribuíndo moi pouco a fixación do galego-portugués como lingua da prosa.

Isto é, por exemplo, o que acontece na primeira metade do século XIII coa prosa xurídica de dous arcedianos da Igrexa de Santiago, coñecidos como os Bernardos Compostelanos, escrita toda ela en latín, do mesmo xeito que a importantísima obra historiográfica de Dom Lucas, bispo de Tui.

A pesar desta pervivencia do latín, o galego-portugués comeza a ser utilizado na prosa historiográfica conformada fundamentalmente por versións e translacións de textos latinos e castellanos, como por exemplo a *Crónica Geral Galega* (de fins do XIII, principios do XIV), a *General Estória* (primeira metade do XIV), ou a *Corónica de Santa Maria de Iria* (segunda metade do XV).

Aínda dentro da prosa, o galego-portugués comeza a ser empregado tamén como lingua de **monografías especializadas** (*Tratado de Albeitaria*), **de obras de carácter didáctico** (*Livro de Cambeadores*) ou de **temática relixiosa** (tradución do *Flos Sanctorum* ou *Legenda Aurea*, de Jacobo de Voragine).

• Características sociolingüísticas da etapa medieval

1. **Un monolingüismo en galego-portugués nos usos orais.** Isto quer dicir que todos os galegos falan en galego, desde o máis nobre ao máis vilán, sexa cal sexa o contexto no que se encontren e a persoa coa que falen. Evidentemente, deste monolingüismo desprende-se que **ninguén ten a menos falar na súa lingua**, unha lingua que tamén é falada pola camada social de maior prestixio, a nobreza.

2. **Un avance progresivo cara o monolingüismo en galego-portugués nos usos escritos.** Segundo van pasando os anos, e do mesmo xeito que o resto das linguas romances, o galego vence lentamente ao latín na loita que manteñen pola hexemonía no mundo dos documentos, da literatura e da plasmación do saber. Esta progresiva normalización do galego-portugués nos usos escritos supón a paulatina desaparición do fenómeno diglósico que caracterizaba a etapa anterior (latín= lingua escrita; galego=lingua oral).

3. Polo que se refere á **funcionalidade lingüística**, o galego-portugués desempeña nesta etapa medieval todas as funcións posíbeis (algunhas parcialmente), salvo a función internacional. †


Sen distincións de procedencia social (campesinos, artesáns, burgueses ou nobres) nen de enclave humano-xeográfico (rural ou urbano), todos os galegos teñen como lingua de identidade, familiar e de relación local a lingua natural da Galiza. Así mesmo, o galego é a lingua empregada no **mundo laboral**, desde o labrego até o cambeador (banqueiro), aínda que nalgunha profesión, concretamente a de tabelión (escribán), ligada aos usos escritos, se siga escribendo en latín algun que outro documento.

A **función institucional** é desempeñada fundamentalmente polo galego, que é a lingua de relación do individuo coas institucións sociais nas que se integra (concellos, grémios, igrexa); contodo cumpre salientar, como dado significativo a ter en conta para o futuro, que a Chancelaría Real (através da cal se exerce o aínda escaso poder político do rei) se dirixe desde moi cedo en castellano aos galegos e ás súas institucións. Estes, nunha primeira fase, utilizarán o latín para lle escribir ao rei; mais xa desde a primeira metade do XIII temos documentos enviados ao monarca en castellano. Contodo, a presenza do castellano nos documentos galegos deste período é, en comparación co que acontecerá en épocas vindoiras, insignificante.

A **función cultural** exercen-na na Galiza medieval as dúas linguas en presenza. Unha, o latín, que segue a ser o vehículo de comunicación da alta cultura, e a outra, o galego-portugués, que pouco a pouco gaña terreno, sobretudo no campo literario. É precisamente nesta área literaria onde o galego brilla con máis forza: o galego-portugués, lingua internacional por ser natural de dous reinos diferentes, é tamén lingua internacional no mundo da cultura hispánica, máis concretamente no da poesía lírica.

A pesar desta internacionalidade do galego-portugués na lírica, a lingua que exerce o papel de vehículo de comunicación entre individuos de linguas diferentes na época medieval é o latín. Nesta funcionalidade do latín como **lingua internacional** ten moito que ver o feito de ser esta a lingua da Igrexa.

Tomando como base a representación gráfica proposta no apartado **Funcións dunha lingua**, o abano lingüístico-funcional da Galiza medieval podería ser o seguinte:



◆ OS SÉCULOS OSCUROS

• Antecedentes históricos

Levando en conta que a liña evolutiva do uso do galego na etapa medieval é claramente **ascendente**, cabería esperar que acabado este período histórico o seu **proceso normalizador** continuase avanzando, da mesma maneira que **ia acontecer coa variante do galego-portugués situada ao sul do Miño**.

Con efecto, acabada a época medieval, tanto o portugués como o castelano seguen a normalizar os seus usos fronte ao latín. Se nos tempos de

D. Dinis e de Afonso X, **os centros de tradutores** (Estudos Gerais de Lisboa, **Escola de Tradutores de Toledo**) comezaban a verter ao idioma propio as obras de cultura que até o momento só se podían consultar nas linguas clásicas, será agora, **nesta nova fase**, **cando se elaboren as primeiras gramáticas** e se vaian **fixando as variantes-estándar** que se xeneralizarán pouco a pouco nos usos escritos, ao mesmo tempo que se desenvolven através delas **ricas e variadas literaturas**. Mais o factor que potencia todos estes avances, e que ademais resulta transcendental para o futuro das citadas linguas, é o da súa utilización como **idiomas nacionais** nos seus respectivos territorios. **Téñase en conta que, a diferenza da Galiza, incluída na órbita da monarquía castelano-leonesa, Portugal é un reino soberano e independente, e como tal eleva a lingua comun ao rango de nacional.**

Mais mentres isto acontece alén-Miño coa variante portuguesa, o proceso normalizador do galego sofre unha etapa de depresión debido a unha serie de acontecementos histórico-políticos que se producen mesmo antes de comezar o período. Entre eles cumpre salientar as substituícións nobiliarias (operadas como consecuencia dos enfrontamentos sucesorios), e as transformacións nas valorizacións e nos usos lingüísticos que se derivan da expansión política castellana.

• Condicionantes históricos do proceso lingüístico

a) 1ª substituíción nobiliar e as súas consecuencias lingüísticas na pirámide social

Na etapa anterior, o poder social, político, xurídico e económico da Galiza estaba en mans dun reducido número de señores feudais. Esta nobreza, laica ou eclesiástica, era de orixe autóctone e como tal utilizaba o galego-portugués en todos os contextos e en todas as situacións, fose quen for o interlocutor, salvo en aqueles usos escritos e rituais formalmente reservados ao latín. A pirámide social galega non apresentaba diferenzas lingüísticas dunha clase social a outra.

Alén disto, a monarquía castelano-leonesa non se convertera aínda nun centro de poder e de control dos diferentes reinos que rexentaba, e portanto o uso do castelano, **oficializado como lingua da corte durante os reinados de Fernando III (1217-1252) e Afonso X (1252-1282), apenas estaba presente na vida das comunidades non castelanas.**

Vai ser na segunda metade do século XIV que os acontecementos comecen a transformar a situación sociolingüística.

Cando á morte de Afonso XI de Castela estala a guerra de sucesión entre Don Pedro de Borgoña e Henrique de Trastámara, a vella nobreza laica galega participa na contenda apoiando a Don Pedro, o aspirante lexíti-

mo. Derrotado este, os nobres galegos que se comprometeran co perdedor son substituídos por unha nobreza vinda de fora, fiel ao liderado henriquino, mais aílla a Galiza e, en consecuencia, descoñecedora dos seus sinais de identidade, entre eles a língua. Os Sarmiento, os Estúñiga, os Henríquez, os Benavente, familias nobres foráneas, veñen coas súas respectivas cortes para ocupar a parte máis alta da pirámide social galega. Con eles, e por primeira vez na historia da Galiza, a língua do estrato máis alto da sociedade e dos seus intermediarios é diferente á do resto da poboación. Xunto a eles medrarán tamén estirpes autóctones de baixa liñaxe, Andrades, Ulloas, que encontrarán na imitación dos usos e costumes lingüísticos dos novos grandes señores unha nova marca de distinción social.

Do punto de vista percentual, o castellano non se introduce máis que nunha reducida zona da pirámide social galega. Mais o feito de ser a nobreza a clase introdutora da nova lingua enche a esta dun prestixio superior a aquel que lle podían dar ao galego-portugués os estamentos sociais que o falaban.

Para comprender mellor o proceso sociolingüístico que neste momento comeza na Galiza, vexan-se, no apartado **Duas linguas nunha sociedade**, os puntos 1 e 2 do "esquema básico".

b) A 2ª substitución nobiliar e o proceso centralista comezado polos Reis Católicos

Contodo, aínda que o proceso teña o seu principio na primeira metade do XIV, será na segunda parte do século XV cando se desencadearán os acontecementos máis transcendentais para a transformación da realidade sociolingüística da Galiza.

As guerras irmandiñas (1431 e 1467-69), que supuxeron un debilitamento das estruturas sociais galegas (especialmente da burguesía pequeno-comerciante), deron paso á guerra sucesoria entre Xoana a Beltranexa e Isabel a Católica pola coroa de Castela (1475-79). A nobreza galega divíde-se en dous bandos: un, comandado polo arcebispo Fonseca, apoia á raíña católica; o outro, dirixido por Pedro Madruga, conde de Camiña, pretende colocar no trono a dona Xoana. A derrota sufrida polos partidarios da Beltranexa traí consigo o fin do poderío da vella nobreza laica galega, producindo-se o segundo relevo importante nas altas esferas da sociedade. As consecuencias sociolingüísticas seguen o mesmo esquema apuntado para a primeira substitución nobiliar.

Coa decapitación do marechal Pero Pardo de Cela (1483) e a morte de Pedro Madruga (1486), os Reis Católicos terán o camiño aberto para iniciar un proceso de control e sometemento da sociedade galega, dentro dun proxecto máis amplo que supón a **centralización** do poder de todos os seus reinos.

• A formación da nación-império e a cuestión lingüística

Este centralismo practicado polos Reis Católicos deriva directamente do **proceso de formación da nación-império española**, un fenómeno político que se experimenta tamén noutras latitudes da Europa da Renacemento.

Da mesma maneira que acontece na Franca con Luís XI, ou na Inglaterra dos primeiros Tudor, os Reis Católicos inauguran unha fase de maior intervención do poder real na vida das comunidades, proceso que na Galiza xa se iniciara timidamente tempo atrás coa primeira substitución nobiliar, levada adiante por Henrique II de Trastámara. Aos impostos permanentes, á mantenza obrigada dos seus exércitos estabéis, soma-se o proceso de centralización do poder mediante a multiplicación de funcionarios reais que constitúen unha especie de administración de "provincias", unha estrutura que controla as autoridades existentes ou que as substituí.

É na constitución deses estados "nacionais" formados arredor do poder real que se perfila o ideal implícito da **uniformización lingüística** como factor de coesión interna das nova estrutura política. Lembremos as palabras que Nebrija dirixía á raíña católica, transcritas no apartado Duas linguas nunha sociedade: **"que siempre la lengua fue compañera del imperio"** e que "despues que vuestra alteza metiesse debaixo de su iugo muchos pueblos bárbaros e naciones de peregrinas linguas e con el vencimiento aquellos tendrían necesidad **de recibir las leyes quel vencedor pone al vencido e con ellas nuestra lengua...**", afirmación moi significativa se temos en conta que foron escritas en 1492, antes de se saber do "descubrimento" do novo continente. Tamén é moi sintomático neste século XVI o progresivo predomínio do termo **español**, frente ao até agora tradicional **castellano**, para a denominación da lingua de Castela.

No proxecto de implantación das linguas nacionais ten unha importancia transcendental a fixación do modelo estándar. Así, en 1492 Nebrija termina a súa *Gramática castellana*, no 1525 Pietro Bembo publica en Italia a súa *Prose della volgar lingua*, no 1530 o francés Palsgrave *L'esclaircissement de la langue francaise*, e no 1536 Fernão de Oliveira fai o mesmo coa súa *Grammatica da lingoagem portuguesa*.

Por estas datas, o galego só será motivo de atención para o bacharel Olea, que por curiosidade escribirá nos espazos en branco dun libro unhas cento cincuenta palabras galegas. Galiza tardará aínda case tres séculos e medio en ter a súa primeira gramática, o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás, publicada en 1864.

A defensa das linguas dos novos estados asenta entre dous pólos de fricción lingüística: un, fronte ás demais *linguas vulgares*, que en comparación á "nobreza" do idioma nacional son consideradas "peregrinas", "imperfetas" ou "inobres"; e o outro fronte ao latín, o único vehículo lingüístico de prestixio indiscutido até agora. Os gramáticos e apoloxistas das linguas elevadas á categoría de nacionais defenden a dignidade das mesmas pola súa suposta maior proximidade á lingua latina, ou polo parentesco con ela, ou co grego, ou directamente coas linguas en que se escriberon os textos

bíblicos, como se a lingua romance defendida fose a herdeira universal do sangue azul das linguas clásicas e sagradas.

A meados do século XVI, a vitória das "linguas nacionais" sobre o latín era xa indiscutíbel.

Porén, o prestixio e a utilidade do latín eran grandes. O latinista tiña a súa existencia asegurada pois os príncipes, os nobres, as cidades e os estados necesitaban del para estableceren a súa correspondencia internacional.

Mesmo cando a funcionalidade político-internacional do latín decaía, os intelectuais e as universidades seguirán a empregar a lingua latina para o seu traballo científico e pedagóxico. As persoas vinculadas a esta esfera da alta cultura eran poucas dentro da colectividade de cada país, mais en conxunto formaban un público numeroso de carácter internacional. Así, o cada país, mais en conxunto formaban un público numeroso de carácter internacional. Así, o filósofo neerlandés Spinoza (1632-1677), o tamén filósofo e matemático alemán Leibniz (1646-1716), o inglés Hobbes (1588-1679), o astrónomo polaco Copérnico (1473-1543), o alemán Kepler (1571-1630), o físico e matemático inglés Newton (1642-1727), ou o sueco Lineo (1707-1778), entre moitos outros, escriben as súas obras total ou parcialmente en latín.

Mais é o afán "imperialista" a razón principal da defensa das linguas elevadas ao rango de nacionais. Se nun primeiro momento a "nobreza" da lingua nacional se defronta e equipara coa das linguas clásicas, despois a comparación establece-se fronte ás demais linguas estranxeiras. Para os gramáticos castellanos Nebrija e Villalón e para o apoloxista Juan de Valdés, a lingua nobre é o español; para o italiano Pietro Bembo é o toscano; para Fernão de Oliveira, o portugués; para os franceses Palsgrave e Du Bellay, o francés.

A expansión desexada para a lingua nacional non ten límites, non sequer para as relacións diplomáticas coa Igrexa, establecidas desde sempre en latín. Se significativo é que o rei francés Luís XI envíe unha carta en francés ao cabido compostelano no ano 1509, será-o moito máis o feito de Carlos V falar en español perante o Papa Paulo III e os embaixadores da Franza e de Veneza no ano 1536. Trátase da afirmación política dunha lingua que se pretende sexa recoñecida dunha maneira oficial.

● O proceso de castellanización

Volvendo á Galiza, cumpre lembrar que o proceso de introdución do español comezara dunha maneira significativa coa primeira penetración de nobreza castellana e dos seus intermedios na estrutura social galega. Agora, nesta nova fase, é preciso somar á castellanización provocada pola segunda substitución nobiliar, aquela outra que se deriva da actuación do novo aparello administrativo, impregnado da filosofía lingüística do estado ao que serve de interventor.

Este proceso de castellanización non se decreta por lei ou pragmática algunha, como aconteceu coa introdución do francés na Occitania (*Real Decreto de Francisco I*, 1539) ou como acontecerá coa imposición do espa-

ñol en Cataluña (*Decreto de Nueva Planta de Filipe V*, 1716). A castellanización da Galiza deriva directamente dos acontecementos histórico-políticos e das transformacións sociais determinadas polo novo sistema.

● Castellanización dos usos documentais

Na xa mencionada data de 1480, e a petición dos procuradores das Cortes de Toledo, dítase unha norma pola cal calquera persoa que quixese exercer de escribán tería que se examinar previamente perante o Real Consejo para poder recibir a licenza correspondente. Non se prohibe o uso do galego, mais, como ben di Xesus Ferro Couselo (1958), os notarios da Galiza terán de deixar os seus formulários e aprender nos alleos pois deberán examinar-se deles perante os xuíces -castellanos- do Real Consejo.

Non se prohibe explicitamente o uso do galego, contodo as consecuencias derivadas farán-se notar axiña. A documentación privada, que durante os séculos XIV e XV se escribiera en galego case con absoluta exclusividade, acusa no século XVI as consecuencias da nova ordenación social e do novo plano legal. O galego irá desaparecendo progresivamente das compras-vendas, contratos e demais documentos privados. Do mesmo xeito, os documentos públicos dos concellos, gremios e confrarías deixarán de ser redixidos en galego ao longo da primeira metade do XVI.

● Castellanización da Igrexa

Pola súa parte, a **Igrexa Galega**, que experimenta a entrada de altas dignidades nobiliarias alleas ao país para os seus cargos máis importantes, comeza tamén a utilizar o español na súa documentación. Contodo, a introdución da lingua castellana varia dependendo da institución ou da dignidade eclesiástica en cuestión. O cabido compostelano, por exemplo, mantén-se no uso do galego durante máis tempo e con maior constancia do que o arcebispado, máis suxeito nos seus usos lingüísticos á orixe galega ou allea da persoa que o ocupase. Despois dunha fase alternante no emprego do galego e do español, o arcebispado comeza unha práctica exclusivamente castellana a partir de meados do século XV. Polo que se refere á documentación das catedrais e dos mosteiros, o galego parece manter-se, aínda que cedendo terreno ao español, durante a primeira metade do XVI. Da mesma maneira que na documentación, é de supor que nos actos relixiosos e no ensino, que dependerá con exclusividade das institucións eclesiásticas até o XVIII, o emprego do español suplantará ao da lingua do país.

No ano 1562 a Igrexa acorda no Concilio de Trento a utilización das linguas vernáculas no labor pastoral dos seus relixiosos, co único obxectivo de que a xente puidese entender mellor a mensaxe cristiá que até o momento se transmitira en latín. En Euscadi puxo-se en práctica este acordo, e así

os primeiros textos escritos en eusquera son catecismos mandados imprimir pola Igrexa Basca. Pola súa parte, a Igrexa Galega desatende estas directrices e opta polo uso do español como lingua interna e como lingua de contacto cos fieis, práctica que salvo honrosas excepcións aínda se mantén na actualidade.

• Desaparecemento da literatura escrita en galego

Polo que se refere á **literatura**, o proceso dexenerativo no uso do galego corre paralelo ao que acontece nos outros ámbitos lingüísticos. A etapa florecente da poesía lírica galego-portuguesa acaba a meados do século XIV. As causas que ocasionaron a súa decadencia son variadas. As mudanzas sociais acontecidas supoñen a desaparición do soporte económico palaciano que sustentaba a poetas, intérpretes e danzarinas. Ao mesmo tempo, o castellano, lingua que non fora utilizada até agora para facer poesía amorosa, comeza a ser empregado para este mester. Mais se estas e outras razóns poden explicar o esmorecemento da escola galego-portuguesa, o certo é que a nosa lingua, aínda que cada vez máis castellanizada, seguirá a ser durante cen anos máis, até meados do século XV, o veículo dunha poesía imitadora dos vellos temas e modelos galego-portugueses, a chamada escola lírica galego-castellana.

Canto á prosa en lingua galega, menor en volume e importancia que a poesía, desaparece detrás da *Crónica de Santa Maria de Iria*, na segunda metade do XV.

A partir deste momento e durante máis de trescentos anos, a lingua da literatura escrita por galegos será o español, se exceptuamos un breve conxunto de poesías de circunstancias (*Cantar do Mariscal*, os romances que lembran o saqueo de Cangas polos turcos, os sonetos á morte de D^a. Margarida da Austria,...), o *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* de Feixó de Araúxo, ou os vilancicos de Nadal e Reis. As poucas veces en que se use o galego nos textos literarios será para reproducir textualmente a lingua oral, moitas veces para servir de contraste coa única lingua literaria do momento, o español. O galego só pervivirá na literatura popular de carácter oral.

Cando a fins do século XV a primeira imprenta comeza a funcionar na Galiza, a lingua do país emudece para os usos escritos.

Asociado a este decaimento social, político e económico, Galiza e todo o que soe a galego será motivo de escárnio e burla na sociedade española do momento. Boa amostra disto está no refraneiro popular español ("¿Rogaste a gallegos? Ya no puedes venir a menos"; "No fíes en perro que cojea ni en amor de gallega") ou nas obras de escritores como Lope de Vega, Tirso de Molina, Quevedo, Góngora, Cervantes ou Calderón. A lingua, como todo o relacionado coa Galiza, sufrera ataques e menosprezos dentro e fora do país.

(VEXA-SE O TEXTO 13).

• Os usos lingüísticos populares na sociedade galega do momento

Contodo, as consecuencias da aliteralidade da nosa lingua nesta etapa cumpre situá-las na sociedade galega do momento. A este respecto, as palabras do polígrafo galego Lois Tobío (1973) son esclarecedoras:

"para a gran maioría da poboación galega, que era analfabeta, o feito de que o galego deixara de se escribir non supuxo un gran cambio. Seguiron falando a súa lingua, de costas ao mundo oficial, que ignoraban ata onde podían, como seguirán facendo por moitos anos dende aí. Cando precisaban algun papel ían a que llo fixera algun memorialista -no agro, os cregos principalmente- que escribía en mellor ou peor castelán o que for mester. Polo demais, non somente na aldea mais tamén na vila só se falaba galego. A comezos do século XVII, nunha vila tan cosmopolita como Baiona apenas se ouvíaa falar castelán; escoltábase máis se cadra o francés, polos moitos mercadores de Francia e Flandres que alí acodían".

• A agudización do proceso na etapa dos Áustrias e dos Borbóns

O proceso centralizador, impulsado polos Reis Católicos, aperfeizoa-se como sistema de control do poder co reinado dos Áustrias nos séculos XVI e XVII, e aínda máis no XVIII cos Borbóns. Alén das institucións xa criadas polo poder real (a máis importante das caís é a Real Audiencia), nace en 1528 a Xunta do Reino de Galiza, organismo consultivo do poder real que terá un valor case exclusivamente simbólico, sobre todo no século XVIII. Formada por procuradores das provincias galegas, encárgase de repartir entre as mesmas a carga proporcional dos impostos reais e, como moito, de recuperar en 1662 o voto en Cortes do que privaran ao reino galego tempo atrás.

Neste contexto, o abatimento e a prostración da lingua galega estenderán-se ao longo dos séculos XVI, XVII e XVIII. O galego, desprezado polos ámbitos sociais elevados (se exceptuamos algunha que outra figura como a do Conde de Gondomar), afastado do mundo da cultura e da universidade, dos usos escritos, dos costumes lingüísticos dos representantes da administración e da igrexa, será a lingua das camadas populares da sociedade e o seu uso restrinxirá-se ao nivel oral.

Mentres a variante portuguesa da nosa lingua vive momentos de propagación e difusión ao entender-se por Ásia, África e América como consecuencia da expansión colonial portuguesa, o galego converte-se, na práctica e na valorización sociais, nun dialecto, entendendo este concepto lingüístico e socialmente pexorativo.

Desconectado da variante portuguesa, socialmente menosprezado e empobrecido polo seu afastamento das áreas do saber e das prácticas formalizadas, o galego chega mesmo a ser entendido como unha deformación do modelo español. Deste xeito comeza a castellanización do galego, pois todo tipo de trasvase (léxico, morfolóxico, sintáctico, e mesmo fóneti-

co) que se faga desde a "língua" ao "dialecto" será valorado positivamente. Recorde-se a este respecto o punto 3 do apartado 'Duas línguas nunha sociedade'.

No século XVIII, os Borbóns potencian aínda máis a centralización do estado. Co *Decreto de Nueva Planta*, Filipe V pretende asentar dunha vez por todas a idea dunha España uniformada sob o poder real, acabando coas liberdades políticas que aínda desfrutaban os Países Cataláns. Coerente tamén con estes principios uniformizadores, Carlos III sentencia nunha *Real Cédula de Aranxuez* de 1768 que:

"la enseñanza de primeras letras, Latinidad y Retórica se haga en lengua castellana, generalmente, donde quiera que se practique, cuidando de su cumplimiento las audiencias e justicias respectivas, recomendándose también por el mi consejo a los Diocesanos, Universidades y superiores regulares para su exacta observancia, y diligencia en extender el idioma general de la nación para su mayor armonía y enlace recíproco".

● O aparecemento da Ilustración

Mais é tamén no século XVIII, e máis concretamente na súa segunda metade, cando se levantan as primeiras voces denunciando a situación na que vive o galego. Trátase dos **intelectuais da Ilustración**.

Coa mesma filosofía básica que subxaz no movemento ilustrado de toda Europa, os pensadores galegos pretenden estudar a situación do país e ofrecer alternativas para superar o subdesenvolvemento económico, social e cultural no que este se achaba. Para tal fin crean institucións como as **Sociedades Económicas de Amigos del País** (en Santiago e Lugo) ou a **Academia de Agricultura del Reino de Galicia**, através das caís elevan as súas propostas á autoridade real. Apesar do entusiasmo e da grande actividade despregada, os logros prácticos foron máis ben modestos.

No que se refere á lingua, os ilustrados arremeten contra a infravaloración do galego e contra a inxustiza lingüística que se comete ao non ser empregado no seu propio territorio para determinadas funcións básicas (educativas, relixiosas, administrativas...).

Frente ao que era unha opinión xeneralizada desde a Renacementa, o **Padre Feixó** afirma que o galego non é un dialecto ou unha corrupción do español, senón unha lingua, pois como as demais variantes romances deriva do latín.

Pola súa parte, **frei Martiño Sarmiento**, o máis grande estudioso e defensor do galego no século XVIII, denuncia a aberración pedagóxica de ensinar aos rapaces galegos através dunha lingua que non é a propia, defendendo o ensino do galego e en galego, así como a elaboración de gramáticas e dicionarios para o seu aprendizaje (**VEXA-SE O TEXTO 14**). A este respecto escribe:

"Y siendo el latín lengua anticuada para los gallegos, es mas necesario que ya que no la aman, la estudien. Y es bárbara crueldad y necedad excusada que unos forasteros enseñen a los niños gallegos mediante la lengua castellana,

que no saben, la lengua anticuada que no deben saber, y castigándoles si se les escapa alguna voz o frase gallega de las que han mamado.

Todo maestro de Gramática que no fuera gallego y erudito en su lengua patria, se debe excluir de ser maestro de niños gallegos, aunque sea un Cicerón o un Quintiliano".

Tamén considera Sarmiento que os sacerdotes e aqueles que teñen como función administrar a xustiza civil son "ineptos" para tan "altos empregos" se non dominan a lingua do país. Reflexionando sobre a introdución do español na Galiza, Sarmiento di o seguinte:

"No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía en latín o en gallego. No hay género de escritura, testamento, donación, venta, contrato, foro, arriendo, compra, trueque, partijas, etc., que yo no haya visto y leído en Galicia o en latín o en gallego y sé que se pueden cargar carros de estos instrumentos que se conservan en Galicia. No habiendo pues precedido ni concilio ni cortes, ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, otorgar, comerciar en lengua castellana, ¿Quién lo introdujo? La respuesta está tan patente que Galicia llora y llorará siempre; no los gallegos, sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües beneficios así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega nin por palabra ni por escrita, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más evidente en los empleos eclesiásticos".

Entre os homes que se preocuparon pola dignificación do galego no século XVIII cumpre aínda mencionar a **Diego A. Cernadas de Castro**, o primeiro cura de Fruime, o poeta máis fecundo de todo o século, e ao **Padre Sobreira**, continuador da investigación lexicográfica de Sarmiento.

A obra dos ilustrados galegos, e moi en especial a do Padre Sarmiento, constitui a primeira chamada de atención dunha problemática lingüística que se desvelará en toda a súa magnitude na segunda metade do século XIX.

● Principais características sociolingüísticas dos Séculos Obscuros

1. Polo que se refere aos usos orais, a **imensa maioría dos habitantes da Galiza mantén o monolingüismo en galego** da etapa anterior.

Contodo, e debido ás modificacións sociais operadas, a **alta nobreza** (agora de orixe foránea) é **monolingüe en castellano**, encanto a **nobreza autóctone se castellaniza**, nun proceso que vai dun inicial bilingüismo diglósico a un progresivo monolingüismo en español, pois esta lingua se converte en marca de distinción social.

Os **intermediarios da nova nobreza e os funcionarios da administración do estado empregan o español** nas súas relacións co conxunto da sociedade galega.

Así pois, na **Galiza dos Séculos Obscuros non hai bilingüismo social** xeneralizado, aínda que si un número reducido de individuos pertencentes a sectores sociais intermédios máis ou menos bilingües; como moito, **a sociedade galega presenta unha situación de colingüismo, asentado en diferenzas de estrato social.**

2. **O galego deixa de ser a lingua escrita dos galegos.** A súa substitución polo español materializa-se definitivamente ao longo da primeira metade do século XVI. Entrementes, o latín segue a ser o vehículo da alta cultura.

3. **A diglósia existente entre os usos reservados ao latín** (formais, e fundamentalmente escritos) **e os desempeñados pola lingua romance continua o proceso de desaparición** comezado xa na etapa medieval. O latín ve reducidos os seus ámbitos de uso á liturxia dos actos relixiosos e, sobretudo, ao mundo do saber e da alta cultura, en especial como lingua vehicular da actividade universitária. Nesta oposición diglósica latín-lingua romance, o galego é substituído polo español.

Mais xunto a esta diglósia decrecente e non conflitiva que defronta a lingua romance a unha lingua morta, **aparece un novo proceso diglósico**, este xa **de carácter conflitivo**. Así, face ao emprego do galego nos usos orais (e informais) da maioría da poboación, o español é utilizado polas clases máis altas da sociedade e polos seus intermediarios, así como nos usos escritos.

4. **Perante a nova situación, o prestixio do galego decai ao longo do período.** O español é a lingua na que fala o señor nobre, o dono das terras, o sacerdote, o mestre, o notario,... e ademais é a lingua na que se escribe. O galego, pola súa parte, usan-no só as clases baixas, os foreiros, os deserdados, e aínda por riba non se escribe. **O español é na valorización social unha lingua, o galego un dialecto, ou mesmo unha corrupción daquel.**

Só ao final da etapa, e desde a óptica dos ilustrados, esta valorización negativa do galego comeza a ser denunciada.

5. No que atinxe á **funcionalidade lingüística**, o galego dos Séculos Obscuros perde funcións en comparación coa etapa medieval.

A lingua de identidade e de relación familiar segue a ser fundamentalmente o galego, se ben nas clases altas é o español a lingua que desempeña estas funcións. Do mesmo xeito, as **funcións laboral e local** son desempeñadas practicamente na súa totalidade polo galego; porén, o español é a lingua das ocupacións administrativas, relixiosas, do aínda escaso sistema educativo, e de todas aquelas profesións vinculadas aos usos escritos. **A función institucional** é exercida con exclusividade polo español, mentres que **a cultural** é compartida polo español (literatura, ensino inicial,...) e polo latín (alta cultura). No mundo universitário, o latín será empre-

gado nas clases e nos actos solenes, e o español nos claustros, comunicacións, acordos,...

Xa por último, polo se refere á **función internacional**, o latín vai cedendo pouco a pouco terreno á lingua española, que se superpón no seu proceso de implantación colonial non só ás linguas peninsulares, mais tamén ás de povos americanos, africanos e mesmo asiáticos.

Dunha maneira gráfica, as funcións lingüísticas na Galiza dos Séculos Obscuros poden representar-se así:




Fig. 7: Funcionalidade lingüística nos Séculos Obscuros

TEXTOS PARA COMENTÁRIO

TEXTO 11

“Era enorme o prestígio da nova civilização aos ollos dos povos conquistados. (...) Não admira, pois, que todos aspirassem á cidadania, privilégio que os habilitava a casar, herdar e comerciar sob a protección das leis romanas. E não só: abria-lhes as portas

das carreiras do servizo público: funcionários, oficiais, procuradores e, finalmente, governadores.

Depois de vários passos preparativos, coube a Caracala, em 212, suprimir as últimas barreiras entre vencedores e vencidos, estendendo o direito da cida-

dania a todos os homens livres do Império.

Era tão grande o entusiasmo pelos costumes romanos que os indígenas orgulhosamente adotavam nomes como Caius Julius, Cornelius, Albinus, para substituir os Epoderix, os Camalus, os Coronerus,...

A rápida difusão do latim estava directamente ligada ao prestígio dos conquistadores. O latim era a língua oficial: e assim nenhum documento público era escrito em língua indígena. As ordens do governo só se transmitiam em latim. As moedas que andavam em todas as mãos, os marcos miliários onde todos pousavam os olhos, as inscrições que se liam em todas as partes, só veiculavam o latim. O latim era a língua dos tribunais, vale dizer, aquela em que se fixava a maior parte dos actos civis, como, por exemplo, os testamentos.

As novas técnicas acarretavam, como natural consequência, a adoção do latim; os métodos de administrar, os processos técnicos, as tendências artísticas, nada disso se apreendia cabalmente sem a utilização do vocabulário latino que as designava ou descrevia.

Os soldados e os comerciantes foram grandes propagadores do latim.

Os mercadores circulavam infatigavelmente através das estradas, levando aos agrupamentos urbanos as novidades da cultura romana. Assim foram veículos de expansão lingüística, pois com as coisas iam as palavras que as nomeavam.(...)

O traço mais nítido e saliente do estrangeiro é a língua, ou o modo de exprimir-se num idioma que não é o seu. Por esse motivo, nas cidades, a cobiçada cidadania acarretava a necessidade de falar a língua latina com a perfeição requerida.

O latim era o meio de distinção e ascensão social. Por isso, o mais perfeito veículo de assimilação, o que, de certo modo, resumia e completava os outros, era a escola.

A escola integrava os meninos indígenas na tradição do grupo latino, conferindo-lhes a tradição escrita da sua cultura. Ao sair dela, o jovem estava inteiramente assimilado: adquirira a mentalidade de um Romano. (...)

Os jovens provinciais que orgulhosamente as freqüentavam exerciam, nos seus lares e no seu círculo de relações, profunda e larga influência".

SILVA NETO, Serafim (da) (1957), *História da língua portuguesa*, Ed. Presença, Rio de Janeiro, (3ª ed. 1979), pp.: 74-81.

1. Estima cal era a valorización que os indíxenas facían do latín e das súas linguas.

2. Comenta o feito de trocaren os seus nomes tradicionais polos latinos. Compara a latinización dos antropolónimos desta época coa castellaniación posterior dos nomes e apelidos galegos.

3. Como se producía a penetración do léxico latino nas sociedades autóctones? Exemplifica a tua resposta.

4. Explica o proceso de introdución dos fenómenos do bilingüismo e da diglósia na Gallaecia desde a romanización até a aparición do galego-portugués.

5. Desenvolve o tema: a escola, factor de latinización na Gallaecia.

TEXTO 12

"Nom certamente nessa data relativamente precisa de arredor de 1200 em que o galego se começa a escrever, senom na muito menos ostensível em que o galego oral se desprende do seio do latim, podemos datar o nascimento de Galiza. Em realidade, Galiza existe desde que existe o galego, porque o galego é o espelho em que Galiza se reconhece. A Galiza românica é, pois, a primeira Galiza, pois a Gallaecia romana é ainda umha Galiza intrauterina de Roma, e a Gallaecia prerromana, a falar distintas línguas célticas e precélticas, sem aparelho administrativo que informe o seu conjunto demográfico, esnaquizada política e socialmente em células tribais, carece de consciência da sua unidade espiritual. Somos, pois, um povo latino, porque a nossa cultura é latina, e a colonização romana deu-nos um idioma comum. A nossa história começa coa nossa romanização, e o demais é pré-história. Nom é a cultura hallstática, senom a romana, a que nos conformou como povo cando um dialecto latino chegou a ser o veículo da nossa expressão oral. Ainda que sejam mui escassas as gotas de sangue itálico que levemos nas nossas veias, somos um povo essencialmente latino, porque assimilamos o latim com evidente convicção, e bebemos a grandes grolos o leite da loba romana.

Mas a Idade Média nom conhece umha forma válida e triunfante de trans-

nacionalismo lingüístico. A língua internacional é o latim escrito, e som os clérigos, som os escolásticos os guardiães desse espírito que chamamos transnacional, mais que para a classe intelectual a verdadeira nação fosse a nação cristá. O povo ágrafo, endebém, baseia a sua identidade na sua fala particular, e ainda que nom sente hostilidade ao que emprega outras formas do romance, distingue-as como pertencentes a outras comunidades sociais. O home galego na Idade Média nom é nacionalista, mas sente-se integrado numha nação distinta de aquela á que está vinculado o vizinho que fala outra variante da língua da que procede a língua que fala el.

Aquel home percebe como língua distinta o castelhano, mas nom o português. O português nom é senom o galego que se fala em Portugal. Inicialmente, Portugal é umha parte de Galiza. A criação do reino lusitano modifica esta situação desde o ponto de vista político, nom desde o ponto de vista cultural. A língua literária primitiva é única. O galego vai-se estendendo coas conquistas de territórios mussulmanos. As falas moçárabicas lusitanas operam sobre o galego como as andaluzis operam sobre o castelhano e as levantinas sobre o catalão. Como é tradição na Românica hispânica, admitimos um romance peninsular ocidental que se veu chamando galego-português".

Ricardo Carvalho Calero (1983), *Da fala e da escrita*, Galiza Editora, Ourense, pp.: 18-19.

1. Comenta a seguinte afirmación do autor do texto: "o galego é o espello em que Galiza se reconece".
2. A luz da información do texto, cal sería a identidade lingüística dun galego da Idade Média?
3. Cal cres que podería ser para os galegos desta época o prestíxio do galego-portugués, do latín e do español?
4. "O portugués nom é senom o galego que se fala em Portugal". Desenvolve o tema: o galego-portugués na actualidade desde unha perspectiva histórica.

TEXTO 13

"Si, podería facer-se unha longa saga coas fugas do galego, quer dicir, cos subterfúxios utilizados por determinadas clases sociais (as privilexiadas e máis cultas) para se diferenciar das máis miserábeis (a imensa maioría) e non compartir con elas o único que tiñan en comun: a lingua. Porque só a esas clases chegou o convencemento de que escribir, e aínda falar galego, era algo vergoñento. As demais nen se inteiraron de tal cousa, ou, se se inteiraron, seguiron a política de abandonismo, que as clases superiores e intelectuais practicaban.

A historia do galego forma unha curiosa traxectoria que se inicia sendo, no Rei Sábio, ao dicir de Américo Castro, un "eufemismo" do castellano, para terminar en xustamente o contrario, en algo vergoñento e digno de esquecemento, non só perante a lingua castellana, mais tamén perante a portuguesa.

Do efémero esplendor da nosa lingua non se inteiraron os galegos nen entón fixeron gala de tal gloria. Don Américo dicía que o noso imperialismo foi receptivo e non agresivo, que nos contentamos con irradiar o prestíxio do

Apóstolo. Isto soa un pouco a xogo verbal ou o paradoxo expresivo. É verdade que nunca existiu unha política lingüística agresiva, e non sería por particular mansedume rexional, senón porque antes de loitar pola lingua é preciso facé-lo pola sobrevivencia; e o estado de miséria no que sempre se achou a maioría da poboación galega, fixo que a simple promoción social fose o seu principal obxectivo, deixando as reivindicacións lingüísticas para moito máis tarde; e ademais foi obra xa da burguesía culta de meados do século XIX.

A Idade Média non ten guerras lingüísticas: máis ou menos todas as linguas son iguais, e nen os castellanos impuxeron a súa lingua nen os galegos se mataron por impor a súa. (...)

Cos Reis Católicos comeza o predomínio da fala de Castela sobre as linguas hispánicas occidentais. Non hai que esquecer que a pragmática que se lles atribuí sobre a obrigación do uso do castellano pertence ao reino da fantasía lingüística, aínda está por aparecer.

Por 1486 o xudeu converso Gonzalo García de Santa María non tiña reparo en colocar entre as "groseiras e ásperas linguas" a da Galiza, Astúrias, Biscaia e Terra de Campos, en contraste coa de Castela que tiña unha "linguaxe esmerada" ou a de Andalucía á que nada hai que obxectar. Silenciando prudentemente todo xuízo sobre o aragonés, catalán ou valenciano.

É probable que a xente culta galega non tivese noticia desta apreciación que sobre a súa lingua se formulaba no prólogo de *Las Vidas de los Santos Religiosos*, publicado en Burgos (por volta de 1486). Se a tiveron non sabemos que houbera algunha reacción, como se aquilo nada lles tocara. É verdade que

José Luis Pensado (1985), "Invasiones y evasiones del gallego", en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, La Voz de Galicia, A Coruña, pp.: 23-24.

1. Indica a diferenza que hai entre os factores que arrastan á deserción lingüística das clases elevadas e á dos individuos pertencentes a outros niveis sociais.
2. Comenta a seguinte afirmación do autor do texto: "É verdade que nunca existiu unha política lingüística agresiva, e non sería por particular mansedume rexional, senón porque antes de loitar pola lingua é preciso facé-lo pola sobrevivencia".
3. Situa no seu contexto histórico, sociolóxico e político as valorizacións lingüísticas de Gonzalo García de Santa María e de Bartolomé Molina que aparecen no texto.

TEXTO 14

"Es una desalmada necedad poner los niños gallegos a la jerga de la Gramática Latina antes de saber, con mucha extensión la lengua gallega, y todas las voces de la Historia Natural, a lo menos de las visibles de su país. Hazte cargo que al portugués se le enseña el latín en portugués, al francés en francés, al italiano en italiano, al inglés en inglés, al

viñá de fora, de Burgos, mais o mesmo sucedía coas que se facían na súa propia terra. Avonde para probá-lo a impasibilidade e indiferenza con que se leu a inxuriosa grosaría lingüística, envolta en cortiza de piropo, que o cónego Bartolomé Molina, na súa famosa *Descripción del Reino de Galicia* (Mondofredo 1550), utiliza para salientar a importancia da cidade de Santiago, que "parece estar fundada en lo bueno de Castilla, y aún la lengua de Galicia no permanece aquí mucho", quer dicir, Santiago é unha cidade tan boa que até parece que é castellana, non galega, e mesmo ali non se conserva moito o galego, senón que se fala castellano".

sueco en sueco, al castellano en castellano. ¿Pues qué tiranía es que al gallego no se le enseñe en gallego el latín? ¿Qué fatuidad es que al gallego se le enseñe una lengua ignota en lengua castellana, que no entiende? Había que quemar todo libro de Gramática, que pasase a Galicia, y que no estuviese explicado en lengua gallega".

Frei Martiño Sarmiento, fragmento dunha carta ao seu irmán Francisco Xavier, *Galicia. Revista universal de este reino*, vol.1 (1860-1861), A Coruña, p.: 203.

1. Valoriza as ideas lingüístico-pedagógicas de Sarmiento, situando-as no contexto sociolóxico e ideolóxico do século XVIII.
2. Como consecuencia dun ensino en español, en que medida se castellanizou a sociedade galega nos séculos escuros? E na actualidade?
3. En que medida debeu de afectar á lingua galega o feito de ser o español a única lingua do ensino?
4. Desenvolve o tema: Consideración social da lingua galega nos Séculos Obscuros. Causas da mesma.